

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Muros (expediente IN407A 2025/138-1).

Expediente: IN407A 2025/138-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Regulamentación LMT MUO804 apoios 9D2KDEWH//18-2-2 e 9D3GB55Q//18-2-3

Termo municipal: Muros

#### 1. Características técnicas:

Substitución dos apoios existentes nº 9D2KDEWH//18-2-2, tipo HV 630/13 por tipo C-1000/16 frecuentado, e nº 9D3GB55Q//18-2-3, tipo HV-630/13 por tipo C-1000/18, no que se instalará un seccionador tipo XS, da LMT MUO804 LOURO 4 (IN407A 2016/2390-1), procedente da subestación Muros.

Substitución tramo LMTA a 20 kV, de 31 m, condutor tipo LA-56 Al (existente LA-30), con orixe no apoio nº 18-2-3 por substituír e remate no apoio nº 9D41QMII//18-2-4 CT (CT GRUPO ESCOLAR - 15XHN2) existente.

#### 2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á





reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).

- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Director territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Muros

Nº parcela	Paraxe	Cultivo	Propietario	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m <sup>2</sup>	ml aé	ml sot	m <sup>2</sup> aé	m <sup>2</sup> sot
1	Agro Fonte Abaixo 15054A010004730000IF	Rústico	José Cambeiro López	Apoio	2.0				
2	Monte Mean 15054A010008950000ID	Rústico	CMVMC DE LOURO MEAN OROSO NARAYO Consellería de Medio Rural-Servizo de Montes	Apoio	2.0				

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m<sup>2</sup> aé: superficie de servidume aérea en m<sup>2</sup>

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m<sup>2</sup> sot: superficie de servidume soterrada

